

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E CURSOS INTERNACIONAIS DA USC, S.L. PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS PROMOCIONAIS DO CAMIÑO DE SANTIAGO.

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, **D. Román Rodríguez González**, en calidade de presidente da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do establecido na disposición adicional primeira do Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e apróbanse os seus estatutos, en relación co Decreto 97/2018, que dispón o seu nomeamento como conselleiro de Cultura e Turismo e no exercicio das facultades que resultan do artigo 3 do Decreto 196/2012

Doutra, **D Víctor Arce Vázquez**, conselleiro-delegado desta entidade, en nome e representación da Sociedade Cursos Internacionais da USC, S.L. con CIF B15544554, con domicilio en San Xerome, Praza do Obradoiro, en Santiago de Compostela.

As partes intervenientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio, e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 1 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a axencia pública autonómica que ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos Camiños de Santiago.

A Axencia Turismo de Galicia apoia as iniciativas conducentes á promoción do Camiño de Santiago no estranxeiro, por considerar que isto redunda positivamente no turismo que é un sector clave no desenvolvemento económico e social de Galicia.



Segundo.- Que a sociedade Cursos Internacionais da Universidade de Santiago de Compostela, S.L. foi constituída o día 28 de decembro de 1995. A sociedade é transformada en Sociedade de Responsabilidade Limitada en escritura outorgada ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia D. Nelson Rodicio Rodicio, en data 15 de decembro de 2006, posteriormente complementada por escritura ante o mesmo Notario, o 1 de outubro de 2007, procedéndose no exercicio 2007 á inscrición da transformación no Rexistro Mercantil da Coruña, no Tomo 262, Folio 150, Folla C-15.962.

Terceiro.- Que a sociedade Cursos Internacionais da USC, S.L. constituíuse co obxecto de servir de apoio instrumental á Universidade de Santiago de Compostela para:

- Impartir cursos de español a estranxeiros ao longo de todo o ano.
- Impartir cursos de galego para estranxeiros ao longo de todo o ano.
- Organizar os exames para a obtención de Títulos Oficiais de español.
- Organizar a edición de materiais destinados á ensinanza do español para estranxeiros.
- Organizar cursos especializados e monográficos relacionados coas actividades indicadas.

A sociedade atenderá así mesmo ao desenvolvemento das actividades indicadas, promovendo a organización de viaxes, excursións, organización de actividades culturais dentro do ámbito sinalado, aloxamento dos asistentes e cantas actividades ou funcións sexan anexas ou complementarias das anteriores e, en xeral, todas as orientadas á mellor e máis completa formación dos estudantes.

Cuarto.- Que Cursos Internacionais da USC, S.L. realiza accións promocionais do Camiño de Santiago e organiza cursos de temática xacobeá coa finalidade de incrementar o número de estudantes internacionais que elixen Santiago de Compostela como destino educacional.

O plan de promoción para 2019 vai dirixido a mercados xa consolidados como Noruega, Estados Unidos, Canadá e China nos que CI-USC ten desenvolvido accións de promoción directa que se concretaron na recepción de grupos de estudantes, en moitos casos contribuíndo á desestacionalización da oferta.

Por outra banda, Cursos Internacionais aspira aumentar a súa presenza no Sueste Asiático, adentrándose en novos mercados como Indonesia e Malasia ou China.



Estados Unidos e Canadá son mercados preferentes para a promoción dos cursos do Camiño, xa que as universidades e escolas de secundaria destes países inclúen nos seus plans de estudos programas que combinan a formación na aula coa experiencia de inmersión cultural que implica o percorrido do Camiño.

As finalidades perseguidas con estas actuacións son entre outras:

- Dar a coñecer Galicia, en xeral, e Santiago de Compostela, en particular, como destinos para o turismo idiomático e cultural.
- Presentar o Camiño de Santiago como materia de estudo multidisciplinar (historia, arte, literatura, xeografía, economía) que favorece as experiencias de inmersión cultural.
- Divulgar a oferta académica de Cursos Internacionais, especialmente dos seus programas de temática xacobeá dirixidos a estudantes de secundaria.
- Fomentar a divulgación do Camiño de Santiago e dos programas xacobeos a través dos medios tradicionais (folletos, carteis, notas de prensa, ente outros) e dixitais (Web, facebook, twitter e marketing dixital).

Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. O carácter único da entidade organizadora do mesmo xustifica a dificultade para promover a súa convocatoria pública segundo dispón o artigo 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo isto, as partes asinantes subscriben este convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é regular as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a entidade Cursos Internacionais da USC, S.L. para levar a cabo a realización de accións promocionais do Camiño de Santiago e dos cursos de temática xacobeá organizados por Cursos Internacionais da USC,



S.L. coa finalidade de incrementar o número de estudantes internacionais que elixen Santiago de Compostela como destino educacional.

As accións para desenvolver o obxecto deste convenio serán as seguintes:

1. Indonesia -Yakarta

Levántanse a cabo as seguintes accións:

- Visitas institucionais a universidades e escolas internacionais de Yakarta.
- Xornada de formación para os profesores de español na Aula Cervantes de Yakarta
- Conferencias sobre turismo e Camiño de Santiago, lingua e cultura, como marco para a presentación da oferta académica de CI-USC
- Reunións técnicas coas axencias educativas locais

2. Malasia – Kuala Lumpur

Cursos Internacionais participará na feira de educación APAIE (Asia-Pacific Association For International Education) co obxectivo de fomentar a súa internacionalización no eido da educación superior en Asia e acadar novos acordos de colaboración.

En particular levántanse a cabo as seguintes accións:

- Visitas á Embaixada de España e á Aula Cervantes.
- Visitas institucionais ás principais universidades e escolas internacionais con estudos de español.
- Reunións de traballo con axentes educativos.

3. Noruega

As actuacións a levar a cabo son as seguintes:



- Reunións técnicas co Conselleiro Consular de Cultura da Embaixada de España en Noruega.
- Visita institucional á Universidade de Oslo, reunión co Xefe do departamento de español para a presentación dos cursos de lingua e cultura, especialmente aqueles enfocados no Camiño.
- Reunións cos representantes de educación dos concellos de Oslo e Akershus
- Xornadas de formación para profesores noruegueses de ELE.
- Asistencia ao Spanks Festival outubro 2019
- Avaliación dos programas de intercambio realizados en xaneiro de 2019
- Ampliación da oferta académica para os institutos de secundaria de Noruega coa temática do Camiño de Santiago.
- Reunións na Embaixada de España en Noruega

4. China

En particular leváranse a cabo as seguintes accións:

4.1 Misión Inversa de universidades de China

- Reunións no Instituto de Comercio Exterior con representantes de doce universidades Chinas para presentar a oferta académica de Cursos Internacionais da USC.
- Invitación a Santiago de Compostela dos devanditos representantes con capacidade de decisión , organización loxística e desenvolvemento para visitar a Universidade de Santiago de Compostela.

4.2 Viaxe a China

- Visita institucional ao Instituto Cervantes de Pekín para a presentación dos programas de lingua e cultura españolas e das novas edicións do Curso do Camiño de Santiago (Camiño Norte e Vía da Prata).



- Visitas institucionais a universidades de China coas que xa se ten iniciado negociacións que conduzan ao establecemento de acordos para os programas de lingua e cultura e programa PATEX na USC.
- Visitas institucionais e presentación de novos programas en universidades coas que xa se teñen asinados acordos para reforzar a colaboración institucional e incrementar o número de estudantes recrutados para os programas de lingua de corta e longa duración.

5. Estados Unidos

Efectuaranse as seguintes actuacións:

- Visitas institucionais ás Agregadruías de Educación, ós Instituto Cervantes, ás principais universidades e escolas internacionais con estudos de español e ás principais universidades con estudos do ámbito da saúde.

6. Canadá

En particular leváranse a cabo as seguintes accións:

- Visitas institucionais a universidades de Canadá con estudos de español coas que Cursos Internacionais ten iniciado negociacións conducentes a novos acordos e ao establecemento de programas de lingua e cultura na USC
- Visitas institucionais e presentación de novos programas en universidades sociais coas que xa se teñen asinados acordos para reforzar a colaboración institucional e incrementar o número de estudantes recrutados para novos programas no eido do Camiño de Santiago e as Ciencias da Saúde
- Visitas institucionais a colexios internacionais de secundaria e bacharelato con programas de español.



- Establecemento das bases para a colaboración con entidades vencelladas ao ámbito do español e do Camiño de Santiago para a presentación dos programas de temática xacobeá:

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende a 67.268,55 € que se distribúen segundo se establece :

Concepto	Gasto previsto (€)
Actuacións en Asia-Indonesia	8.096,76 €
Actuacións en Asia –Kualaumpur (2 persoas)	7.007,76 €
Actuacións en Europa – Noruega (4 persoas)	9.290,25 €
Actuacións en Asia- MI China	2.144.80€
Actuacións en Asia- China (1 persoa)	5.847,93 €
Actuacións en Noruega –Spansk Festival (1 persoa)	2.636,75 €
Actuacións en Estados Unidos (3/4 persoas)	17.800,00 €
Actuacións en Canadá (2 persoas)	11.444,30 €
Material Promocional (Folletos, revistas e carteis)	3.000,00 €
Total	67.268,55 €

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades relacionadas no cadro do Anexo I na contía máxima de trinta e tres mil euros (33.000€) con cargo á aplicación orzamentaria 11.A2.761A.741.0 “A empresas públicas e outros entes públicos”, código de proxecto 2015 00006, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2019, a favor de Cursos Internacionais da USC, S.L., entidade que achegará a cantidade restante para completar o orzamento do convenio.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19. 4. c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



A achega da Axencia Turismo de Galicia queda sometida ao réxime de minimis nos termos establecidos no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis, (DOUE L 352/1 do 24.12.2013).

Con anterioridade á sinatura do convenio, Cursos Internacionais da USC S.L. deberá presentar unha declaración sobre calquera outra axuda de minimis recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso, que non poderán superar os 200.000 €. este límite máximo aplícase a todo o conxunto de axudas recibidas en concepto de minimis, independentemente da forma en que se outorguen ou do obxectivo perseguido.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes a favor de Cursos Internacionais da USC, S.L., unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas e se comprobe a axeitada xustificación así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención.

Terceira.- Gastos subvencionables

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable responden á natureza da actividade subvencionada e que se realicen dende o **1 de xaneiro de 2019** ata o remate do período de vixencia do convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Cuarta.- Compromiso das partes.

1. A entidade Cursos Internacionais da USC, S.L. como entidade beneficiaria da subvención da Axencia Turismo de Galicia, asume as seguintes obrigas:



- Desenvolver as actuacións recollidas nas cláusulas primeira e segunda deste convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
- Facer constar a cooperación da Axencia Turismo de Galicia en toda a información que se difunda sobre os cursos, tanto nos medios de comunicación como no material informativo e pedagóxico que se puidera distribuír (folletos, publicacións de demais documentación).
- Promocionar a marca turística de Galicia en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración. Nos folletos e outras publicacións deberán incluír na contraportada a marca turística, seguindo as indicacións do manual de uso. Para a aplicación correcta da marca, deberán descargar da páxina www.turismo.gal/marca01 os arquivos informáticos cos elementos gráficos en calidade e formatos axeitados así como as condicións de uso. Así mesmo, promocionarase a marca Xacobeo 2021, de conformidade co manual de identidade visual, que se pode consultar no seguinte enlace <https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/xacobeo-2021>.
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.
- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o



cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei. No caso de non atender o requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.

- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.

Quinta.- Compatibilidade

A achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

Sexta.- Inexistencia de relación laboral

1. A Sociedade de Cursos Internacionais poderá contratar ou nomear colaboradores ou persoal técnico e administrativo que o bo funcionamento do proxecto requira, de acordo co establecido nos regulamentos de estudos de posgrao vixentes.

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Axencia Turismo de Galicia- Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, directa, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

2. No caso de que Cursos Internacionais subscriba contratos suxeitos á normativa reguladora dos contratos do sector público, deberá acreditar o seu cumprimento coa presentación da documentación xustificativa regulada na cláusula cuarta.



Sétima .- Xustificación, comprobación e pagamento

A xustificación da subvención da Axencia Turismo de Galicia efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 48 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que conterá a seguinte documentación:

1) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2) Unha memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que conterá:

a) Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento, con indicación das desviacións, de terse producido estas.

b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago, que se fará a través de transferencias bancarias.

c) Documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.

f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

3) Asemade deberá indicarse un número de conta para o ingreso da subvención e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.



A entidade Cursos Internacionais da Universidade de Santiago de Compostela, S.L. ademais deberá presentar:

- Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias para obter a condición de beneficiario/a das subvencións reguladas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, recollidas no artigo 10 da Lei.
- Certificación acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.
- Unha declaración sobre calquera outra axuda de minimis recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso (artigo 3.2 do Regulamento de minimis).
- Certificación acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e a “Marca Turística de Galicia” e Xacobeo 2021.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

A Axencia Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o **15 de novembro de 2019**.



Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio, e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que finalmente o orzamento executado fose inferior ao orzamento estimado previsto na cláusula segunda deste convenio, e sempre que se acredita a realización das actuacións obxecto do convenio establecidas na cláusula primeira, minorarase proporcionalmente a subvención concedida.

Oitava.-Pagamentos anticipados e a conta da subvención da Axencia Turismo de Galicia

Poderanse realizar pagamentos anticipados da subvención que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio realizadas na anualidade 2019, conforme ao artigo 63 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Os pagamentos anticipados serán de ata o 50% da subvención concedida, e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do dito Regulamento que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas.

Para proceder ao seu pagamento, Cursos Internacionais da USC S.L. deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sétima respecto das actuacións executadas.

A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia Cursos Internacionais da USC S.L. queda exonerada da constitución de garantía.



Novena.- Reintegro da subvención

Cursos Internacionais terá a obriga de reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, así como polas demais causas establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décima.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha Comisión de seguimento, que estará integrada por un representante designado por cada unha das partes asinantes.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

En relación á subvención concedida, a Axencia Turismo de Galicia ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación e resolución propias dos negocios xurídicos administrativos.

Décima primeira.- Modificación e resolución

1. Conforme o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007 toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

2. Serán causas de resolución do presente convenio, ademais do incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan:

- A imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.



- A denuncia motivada dunha das partes por incumprimento total ou parcial pola outra parte das obrigas asumidas en virtude deste convenio.
- Transcurso do tempo de vixencia estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- As causas de reintegro previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- A declaración xudicial de nulidade do convenio.

Décimo segunda.- Publicidade e transparencia

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade procederáse á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Décimo terceira.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.



Décimo cuarta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electrónicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo quinta-Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2019.

Décimo sexta.- Réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da Lexislación de Contratos das Administracións Públicas, segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público de conformidade co disposto no apartado segundo do seu artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.



A Xurisdición Contencioso-Administrativa será a competente para resolver cuestións litixiosas que puidesen suscitarse entre partes no desenvolvemento do presente convenio, dada a natureza administrativa deste.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio.

Pola Axencia Turismo de Galicia

Por Cursos Internacionais da USC SL

Román Rodríguez González

D Víctor Arce Vázquez

